ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION DE GOBERNO CORRESPONDENTE O DIA 6 DE SETEMBRO DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día seis de Setembro de mil novecentos noventa e tres; ás oito do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Sotelo Barroso, Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario accidental, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes.

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 17 de Agosto pasado.

2.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o escrito de Dona Belén Guerra García, veciña de Ourense, con domicilio na rúa Xoán XXIII, nº 16, no que prega se lle informe sobre as características dun terreo da súa propiedade, situado na estrada N-120, neste Concello, preto das instalacións da Casa Renault, a Comisión de Goberno, por unanimidade, presta conformidade ó dictame técnico do Sr. Aparellador Municipal, que di o seguinte: "Suelo clasificado como SUB (PI).- Suelo urbanizable prescripción industrial.- Trama correspondiente a cuadrícula de 5 milímetros por 5 milímetros, según planos de las NN.SS. de Ribadavia (23 de Marzo de 1987, B.O.P. nº 66).- Regulación de suelo urbanizable.- El

suelo urbanizable cualquiera que sea su clase se desarrollará mediante la aprobación de planes parciales que desarrollen estas NN.SS..- Hasta la aprobación de las mismas solo podrán realizarse en él obras e instalaciones contenidas en el correspondiente Plan Especial, así como aquellas decarácter provisional o propias del SNU.- En cualquier caso no podrán destinarse los terrenos a usos y aprovechamientos distintos a los contenidos en las NN.SS..- El suelo urbanizable a efectos de regulación de la edificación y uso del suelo se regirá por las prescripciones que le corresponde.- El ámbito territorial será el indicado en planos o memoria, señalando en el caso del SUB asociado a vías que la profundida acotada se entiende a partir del retranqueo indicado por la vía.- La prescripción de uso, a su vez se entenderá como determinación genérica o de uso dominante, admitiendo como acompañamiento todos los usos o grupos de usos vinculados y compatibles.- El aprovechamiento medio en función del uso será el siguiente: Tipo de suelo plantas. Ocupación edificabilidad. Nivel sector. m3/m2: Residencial.- 4.- 60%.- 1 m3/m2.- 0,9.- Dotacional: 2.- 40%.- 0,8 m3/m2.- 0,6.- Industrial: 2.- 50%.- 0,8 m3/m2.- 0,6.- El suelo urbanizable se regulará por el art. 11 L.S..- En NN.SS. tomo MEMORIA se señala: Unidad territorial: S-CT/N-120.- Clase suelo: SUB.- Prescripción: Usos mixtos e industrial (Zona).- Sub unidad territorial: P/UM-I.- Superficie: 35,25 Ha.- Es de aplicación el art. 39-42 y concurrentes de la L.G.S. así como el art. 24 de las NN.SS. Provinciales, aplicable al área 2.- Se adjunta fotocopia de la cartografía de las NN.SS. que se deberá facilitar a la peticionaria".

Visto o escrito de Don Luciano Andión Toboas, Don Aquilino Bernárdez Collarte, Don Delmiro Viñas Martínez e Don Emilio Miguélez Collarte, veciños de San Andrés, no que fan referencia a que a empresa P.F. Ríos Construccións, co gallo dunhas obras nunha adega do devandito lugar, produciu desperfectos nun camiño público; e visto o informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, a Comisión de Goberno acorda comunicar á devandita empresa que debe executa-las obras de reparación que se concretan no sinalado informe técnico do Aparellador, e que se achegan a este acordo formando parte integrante do mesmo no prazo dun mes, a partir da notificación, coa advertencia de que, noutro caso, será o Concello quen así o leve a cabo en evitación de que o deterioro do camiño público sexa progresivo, pero por conta da referida empresa.

3.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Toma coñecemento a Comisión de Goberno dos seguintes escritos oficiais:

Da Deputación Provincial, sobre a elaboración dos planos provinciais para 1994 e outras circunstancias.

Plano Adicional nº 3 do Plano Operativo Local de 1993 da Deputación Provincial.

Real Decreto Lei 14/1993, do 4 de Agosto, sobre modificación de disposicións da Lei 30/1992, do 26 de Novembro.

4.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

En relación co escrito do Xulgado do Social nº 2 de Ourense, dimanante dos autos nº 213/91, executoria nº 95/92, a instancia de Don Celso Fariña Fariña contra a empresa Construccións P.F. Ríos S.L. sobre salarios, a Comisión de Goberno toma boa nota do embargo por importe de 184.628 pesetas, de principal, máis 25.000 pesetas como provisión para gastos, dándolle o carácter prioritario que lle corresponda, e rexistrado debidamente na contabilidade do Concello.

A Comisión de Goberno presta a súa aprobación ós seguintes aboamentos:

2.300.000 pesetas a Caveru, completo aboamento do contrato do montaxe da Feira do Viño do ano 1992.

3.119.444 pesetas a Fenosa, pola subministración de alumado público nos meses de Maio, Xuño e Xullo.

591.215 pesetas a Gráficas Bouzas, por traballos de imprenta para a Mostra Internacional de Teatro.

600.000 pesetas a Construccións Benito Alonso, a conta de traballos que leva a cabo en bens e instalacións do Concello.

250.000 pesetas a Egatel, polo concepto de provisión de fondos por traballos de instalacións para visionado de cadeas privadas de televisión.

975.000 pesetas a Don Xosé María Deaño Rodríguez, por traballos de montaxe, confección de carteis e outros co gallo da Mostra Internacional de Teatro.

787.690 pesetas á Comisión Coordinadora da Festa da Istoria a conta da subvención concedida por este Concello.

Subvención de 30.000 pesetas ó grupo de gaitas de Quis, pola súa actuación na Festa de San Lázaro.

75.000 pesetas, subvención á Asociación de Mulleres Rurais pola confección dunha alfombra floral co gallo da Festa do Portal.

4.000.000 pesetas, como subvención para a Comisión de Festas do Portal.

LICENCIAS DE UTILIZACION DE TERREOS DE DOMINIO PUBLICO LOCAL (FEIRAS).-

Vistas as solicitudes presentadas a Comisión Municipal de Goberno, na súa condición de órgano de asistencia permanente ó Sr. Alcalde, segundo o artigo 53 do ROF, do 28 de Novembro de 1986, concede a correspondente licencia para a utilización de terreo de dominio público local no recinto que se adica ás feiras desta Vila ós seguintes señores, salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros, prestando aprobación tamén ós aboamentos levados a cabo polos mesmos segundo

autoliquidacións correspondentes practicadas de acordo co establecido na correspondente Ordenanza Fiscal deste Prezo Público segundo o seguinte detalle; e con vixencia para o segundo semestre do corrente ano 1993:

A Dona Filomena González Rivera, veciña de Maside, para un posto de venda de queixo de 4 metros, aprobando o aboamento de 14.400 pesetas.

A Dona María Nieves López Tumbeiro, veciña de Sobral, no Concello de Coles, para un posto de venda de roupa de 10 metros, aprobando o aboamento de 28.800 pesetas.

A Dona María Jesús Ferreira Sousa, veciña de Ourense, con domicilio en Río Tuño, 2, 2º, para un posto de venda de roupa de 6 metros, aprobando o aboamento de 19.200 pesetas.

A Neisa S.C., de Ourense, con domicilio na rúa Irmáns Martínez Risco, nº 2, para un posto de venda de froita de 6 metros, aprobando o aboamento de 19.200 pesetas.

A Don Vicente González Fidalgo, veciño desta Vila, para un posto de venda de comidas, de 50 metros, aprobando o aboamento de 60.000 pesetas.

A Don Luís Montoya Montoya, veciño de Ourense, con domicilio en Porto Vello, bloque I, portal 2, 2º, para un posto de venda de roupa de 6 metros, aprobando o aboamento de 19.200 pesetas.

A Don Santiago Montoya Montoya, veciño de Ourense, con domicilio en Porto Vello, bloque I, portal 1, 2º, para un posto de venda de roupa de 6 metros, aprobando o aboamento de 19.200 pesetas.

A Don José Luís González Iglesias, veciño de Ourense, con domicilio en Noriega Varela, nº 8, 1º, para un posto de venda de bazar de 8 metros, aprobando o aboamento de 24.000 pesetas.

A Don Enrique Ribeiro Miguel, veciño de Ourense, con domicilio en Ousende, nº 7, 4º, para un posto de venda de bisutería de 4 metros, aprobando o aboamento de 14.400 pesetas.

A Don José González Losada, veciño de Ourense, con domicilio en Finca Coronela, nº 6, para un posto de venda de bisutería de 4 metros, aprobando o aboamento de 14.400 pesetas.

A Don Antonio González Cadaya, veciño de Freás-Astaríz, no Concello de Castrelo de Miño, para un posto de venda de bacallao de 4 metros, aprobando o aboamento de 14.400 pesetas.

A Don Alberto Montoya Montoya, veciño de Ribadavia, para un posto de venda de roupa de 4 metros, aprobando o aboamento de 14.400 pesetas.

A Dona Cándida Abadín Enríquez, veciña de Ourense, para un posto de venda de calzado de 6 metros, aprobando o aboamento de 19.200 pesetas.

A Don Diego Alvarado Carrasco, veciño de Ourense, con domicilio na rúa Greco, nº 6, 6º B, para un posto de venda de bisutería de 6 metros, aprobando o aboamento de 19.200 pesetas.

A Dona Argentina Suárez Montoya, veciña de Ourense, con domicilio na rúa Santiago, nº 139, 1º, para un posto de venda de roupa de 6 metros, aprobando o aboamento de 19.200 pesetas.

A Don Manuel Fernández Vaz, veciño de San Miguel del Campo, Concello de Nogueira de Ramuín, para un posto de venda de bisutería de 4 metros, aprobando o aboamento de 14.400 pesetas.

A Don Daniel Conde Conde, veciño de Ourense, con domicilio en C/ N.S. Ermitas, edificio Caroni, 6º C, para un posto de venda de calzado de 4 metros, aprobando o aboamento de 14.400 pesetas.

A Don Pablo Rodríguez Alonso, veciño de Verín, con domicilio na rúa San Lázaro, nº 62, para un posto de venda de calzado de

10 metros, aprobando o aboamento de 28.800 pesetas.

A Don Inocencio Giménez Giménez, veciño de Verín, para un posto de venda de tecidos de 6 metros, aprobando o aboamento de 19.200 pesetas.

A Don Alejo Rúa Prieto, veciño de Ourense, con domicilio en Cabeza de Manzaneda, nº 6, 1º, para un posto de venda de roupa de 6 metros, aprobando o aboamento de 19.200 pesetas.

A Don María del Carmen Rodríguez Montoya, veciña de Verín, con domicilio nas vivendas Primeiro de Maio, para un posto de venda de roupa de 6 metros, aprobando o aboamento de 19.200 pesetas.

A Don Benito Rodríguez Pousada, veciño de Feces da Cima, do Concello de Verín, para un posto de venda de roupa de 8 metros, aprobando o aboamento de 24.000 pesetas.

A Dona Concepción González Hermida, veciña do Carballiño, con domicilio na estrada de Cea, nº 43, para un posto de venda de polbo, aprobando o aboamento de 18.000 pesetas.

A Don Bathie Ndiaye, veciño de Ourense, con domicilio en Finca Murias, nº 3, 2º B, para un posto de venda de bisutería de 4 metros, aprobando o aboamento de 14.400 pesetas.

A Don José Jurado Murillo, veciño de Usillos del Sil, provincia de León, con domicilio na rúa Cascallares, nº 7, para un posto de venda de cintas de música, de 5 metros, aprobando o aboamento de 19.200 pesetas.

A Don Mateo Carrasco Carrasco, veciño de Ibros, na provincia de Jaén, con domicilio en Paseo del Prado, nº 87, para un posto de venda de plantas medicinais, de 4 metros, aprobando o aboamento de 14.400 pesetas.

A Dona María Amelia Sousa Guimaraos, veciña de Entrimo, para un posto de venda de roupa de 4 metros, aprobando o aboamento de 14.400 pesetas.

A Don Valeriano Fabián Vergio, veciño de Ourense, con domicilio na rúa Remedios, 15, 2º A, para un posto de venda de calzado de 8 metros, aprobando o aboamento de 24.000 pesetas.

A Don Fermín Pérez Chana, veciño de Castro Caldelas, con domicilio na rúa San Martín, para un posto de venda de roupa, de 8 metros, aprobando o aboamento de 24.000 pesetas.

A Don Antonio Rodríguez Palmeira, veciño de Ourense, con domicilio na Rampa de Sas, nº 9, 1º, para un posto de venda de roupa, de 10 metros, aprobando o aboamento de 28.800 pesetas.

A Don Manuel Alvarez Rodríguez, veciño de Allaríz, con domicilio en Santa Eulalia de Uros, para un posto de venda de calzado, de 6 metros, aprobando o aboamento de 19.200 pesetas.

A Dona María Odette Ferreira de Almeida, veciña de Vilas das Tres, no Concello de Ourense, para un posto de venda de tecidos, de 4 metros, aprobando o aboamento de 14.400 pesetas.

A Don Ramón González Conde, veciño de Ourense con domicilio en Los Rosales, para un posto de venda de roupa de 8 metros, aprobando o aboamento de 24.000 pesetas.

A Don Miguel Pato Feijóo, veciño de Velle, no Concello de Ourense, para un posto de venda de reloxiería, de 4 metros, aprobando o aboamento de 14.400 pesetas.

A Don Abel Rodríguez Palmeira, veciño de Ourense, con domicilio na estrada de Mende, nº 120, 1º, para un posto de venda de roupa de 8 metros, aprobando o aboamento de 24.000 pesetas.

A Don Juan Córdoba Sánchez, veciño de Fontela, no Concello de Maside, para un posto de venda de calzado de 10 metros, aprobando o aboamento de 28.800 pesetas.

A Dona Rosana Andrea Feijóo García, veciña de Sanxenxo (Pontevedra), con domicilio en Revel, 23, para un posto de venda de roupa de 6 metros, aprobando o aboamento de 19.200 pesetas.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.

E sendo as oito e media do serán o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, como Secretario accidental, certifico.